



## NESSI volve de novo

### Xoán Bernárdez Vilar

A principios do mes de xuño pasado, Gordon Holmes, un técnico da Universidade inglesa de Bradford, visitou o famoso Loch Ness, no norte de Escocia. Trátase este dun lago que mide 36 quilómetros de longo por un máximo de 2,8 de ancho, que acadou sona en maio do ano 1933 cando, segundo se afirmou entón, fora avistado nel un descoñecido animal mariño, serpe ou monstro, que se converteu xa nun referente e nun punto de atracción turística de primeira magnitude. O “monstro”, que cariñosamente rematou por ser denominado “Nessi”, sería dende entón avistado en numerosas ocasións, ata o punto de que nunha pequena cala existente na ribeira norte do lago acabou por se construír un “*Loch Ness Monster Visitor Centre*” onde, ademais de lembranzas, música escocesa, textos máis ou menos científicos, reproducións das fotografías obtidas por algúns afeccionados, pódese vivir

a pavorosa experiencia de contemplar a un enorme dinosourio saíndo da auga. O animal, afortunadamente, é artificial.

Non podemos acalar tampouco que Nessi foi considerado pola maioría dos expertos, e aínda pola xente do común, nada máis que como unha “serpe de verán”. Mesmo a literatura e o cine non nos ofreceron outra cousa que burdas pantomimas acerca del. A excepción foi o alemán Richard Hennig (+1951) que nos deixou unha investigación seria, minuciosa, e sobre todo rigorosamente científica, arredor do caso, na que ficaba unha porta aberta á esperanza.

O recente avistamento, e as fotografías que de Nessi afirma ter efectuado o Gordon Holmes, do que acabamos de falar, coincide sospeitosamente coa iniciativa da organización Destination Loch Ness, encamiñada a conseguir da UNESCO a inclusión desta fermosa paraxe na

Listaxe Mundial de Patrimonios. Entre tanto, e sen disimular a simpatía que nos inspira, e para estimular a ledicia, a imaxinación, e o interese polo tema, a nós ocórresenos recomendarvos un agradable filme dirixido por John Henderson no ano 1996. Está protagonizado por Ted Danson, Joely Richardson e unha incomparable nena de seis anos, Kirsty Graham, capaz de encher o máis esixente empeño. A película, naturalmente, leva o título de “Lago Ness”.

### **Audiovisual**

Máis de 50.000 estudantes de centros educativos de Galiza e Portugal, así como de Colombia, Brasil e Estados Unidos, participaron na XIII edición de *Ponte... nas ondas!* celebrado o pasado 1 de xuño. Esta experiencia radiofónica interescolar vai dar continuidade á liña de traballo iniciada no ano 2002 para impulsar a candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués á UNESCO.

O 19 de xullo, os fillos do compositor Roxelio Groba Groba (Guláns, Pontearreas, 1930), Roxelio, Clara e Dolores, fixeron entrega á Real Academia do facsímile da partitura da obra do seu pai, *Kalaikía*. “*Kalaikía*” é unha das moitas denominacións arcaicas da nosa terra. Os corenta temas que integran os oito ciclos

sinfónicos e etnográficos nela contidos foron seleccionados e tirados dos cancioneiros “*especie de museos onde fican as xoias do noso acervo musical*”.

### **Banda Deseñada**

O “IX Certame de Cómics de Cangas”, celebrado no mes de xullo, ao que acudiron debuxantes da Disney e de Asterix, foi gañado polo boirense Brais Rodríguez. Na categoría B, para concursantes de entre 14 e 17 anos, o premio recaeu en Carla Piñeiro, da propia vila de Cangas, por “*Segunda Oportunidade*”, mentres que no apartado para menores de 14 anos o galardón foi para o traballo titulado “*Os tres hamsters*” do vigués Brais Barreiro. Os premios foron entregados o día 18, e serán publicados na famosa revista TBO.

Sorprendente. Hai trinta anos, e da man do maxistral Eduardo Blanco Amor (1897-1979), as aventuras de Asterix e Obelix foron publicadas en galego, ademais de noutros moitos idiomas. A sorpresa da que falamos antes vén do feito de que a editorial Salvat-Bruño decidiu agora excluir a nosa fala da comercialización dos novos álbums do heroe galo, a pesar de que no 2005 a Mesa pola Normalización axuntara a firma de once mil pais reclamándoa e de que, aínda que enviadas estas á editorial, non recibiu resposta.

Agosto do ano 2007, días 13 ao 26: “X Salón do Cómic “Viñetas dende o Atlántico” na Coruña. Nel contouse coa presenza de numerosos autores, entre eles a do xaponés Yoshihiro Tatsumi, os estadounidenses Jeff Smit e Tim Sale, a israelí Rutu Modan e os franceses Etienne Davodeau e Jean-Louis Tripp.

### **Cine e Teatro**

A XXIII edición da *Mostra de Teatro de Ribadavia* celebrouse coa asistencia de vinte compañías, que ata o 24 de xullo representaron as súas últimas producións.

O 30 do mesmo mes, e aos 89 anos de idade, faleceu o director teatral e cinematográfico sueco Ingmar Bergman. Nado na cidade universitariade Uppsala en 1918, é nos por todos coñecido pola súa abondosa e inmortal obra cinematográfica, da que, a non ser por motivos persoais, que agardo me saibades perdoar, non vou repetir aquí máis que a de “*O sétimo selo*”, para non me estender. Ingmar Bergman foi ademais director do *Teatro Dramático de Estocolmo*, lugar emblemático onde os haxa, no que recibiron formación as figuras máis sobranceiras da escena sueca, entre elas as lendarias Greta Garbo (+1990) e Ingrid Bergman (+1982). Este recinto conta no seu interior con varias salas, unha biblioteca e dous restaurantes. Supoño que

comprenderedes cal puido ser a miña reacción cando, ao entrar nel, hai uns dez anos, me din practicamente de fociños co propio Ingmar Bergman, quen, ao se decatar da miña sorpresa, saudoume cun agradable sorriso. O cineasta foi inhumado na pequena illa do Báltico onde pasou os derradeiros anos da súa vida.

### **Congresos. Comunicacions**

O intelectual Isaac Díaz Pardo recibiu o día de Santiago a insignia de Ouro do “Proxecto Aulas no Camiño”, organizado pola Universidade da Coruña e apoiado pola Xunta e polo Concello do Ferrol. Trátase esta da primeira insignia de ouro do proxecto nos seus doce anos de existencia.

### **Decesos**

Á idade de 97 anos, faleceu en México o pasado día 10 de xullo Elixio Rodríguez Domínguez. Nado en Lobios o 4 de xaneiro de 1910 e logo dunha vida difícil e de loitar na Guerra Civil especialmente como aviador, Elixio pasou a residir unha boa parte da súa vida en México onde lle deu pulo á revista *Vieiros* e á *Fundación do Padroado da Cultura Galega*. En 1997 relatou a súa vida no libro *Matádeo mañá*.

### **Etnografía**

A Xunta, a través de distintos órganos, vai elaborar unha base

de datos da nosa toponimia. Algo autenticamente necesario antes de que acabe por perderse, ou se substitúa por outras, tanto foráneas, como de nova creación, escasamente admisibles.

Hai unhas semanas, a sapiencia de nove profesores concluíu cales foron, ao seu entender, os intres claves do noso pasado. E aínda que non sabemos se o que chegou aos medios de comunicación está axeitadamente reflectido, neles figura que ese “Consello de Sabios” considerou que a conquista romana foi o intre máis importante da nosa historia. Segundo tales profesores, nos tempos de Roma Galicia tivo unha relixión, unha organización e unha fala. Emporiso, e con todos os respectos, a nós parécenos esta unha conclusión excesivamente simplista ou, cando menos, un tanto apurada. En primeiro lugar porque, tal e como escribiu a mediados do século I a C Strabón de Amasia, antes da chegada dos romanos, xa había aquí unha relixión, que logo compartiu espacio coa romana, e despois co cristianismo, e estaba aínda viva en tempos de San Martiño de Dumio (mediados do século VI d C).

Tendo en conta a organización do país o xa mencionado Strabón, a arqueoloxía, e outros autores antigos, demostránnos que a cultura castrexa se mantivo viva máis de

mil anos, convivindo en parte coa romana, e mesmo sobrevivindo, tamén en boa parte, ao momento no que finalizou a ocupación latina do país -ano 411 d C- segundo nos refiren Idacio Lémico, no século V, e San Isidoro, no VII. Nada máis que a vella fala dos galaicos, que tan só nos é coñecida a través da súa ricaz toponimia, desapareceu absorbida polo latín, sen deixar practicamente vestixios.

Indíxenas aimará de Bolivia veñen de construíren unha balsa de xunqueiras, coa que un grupo de aventureiros, encabezados polo alemán Dominique Gorlitz, vai tentar demostrar a posibilidade de que, partindo das proximidades de Nova York, eran posibles as viaxes a través do Atlántico hai xa varios miles de anos. Naturalmente, Gorlitz e os seus levan a vantaxe de que saben que ao leste do seu punto de partida existen terras, cousa que seguramente ignoraban as xentes do pasado. A balsa chámase *Abora III*, nome do deus sol dos antigos guanches canarios. O feito, ademais, cadra coas famosas expedicións efectuadas polo antropólogo noruegués Thor Heyerdhal (+2002) quen, coas súas balsas *Kon-Tiki* –(Fillo do Sol), no Pacífico-, e *Ra* – (Deus do Sol), no Exipto- cruzou tanto o Pacífico como o Atlántico hai uns sesenta anos. Estas prodixiosas viaxes, se ben que

non lle permitiron manter as súas teorías difusionistas, pódense seguir aínda hoxe nas súas excepcionais obras *Kon-Tiki*, *As expedicións Ra e Aku-Aku*, xunto con outras.

## As Letras

O 28 de xuño, aniversario do plebiscito do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia, en 1936, o adro do convento San Francisco de Santiago acolleu a entrega das medallas Castelao 2007. Na presenza das principais autoridades e do goberno en pleno, así como dos presidentes do mesmo, Fernández Albor e González Laxe, fóronlle entregadas estas medallas ao semanario *A Nosa Terra* –a piques de celebrar o seu primeiro centenario–, á *Fundación Érguete* e a *Hércules Edicións*.

Nopasado mes de xullo, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, entregoulle a letra “E” ao autor e dramaturgo Manuel Lourenzo, ao mesmo tempo que se prantou unha árbore, inaugurouse unha pedra escultórica, e foi colocada unha placa na súa casa nativa. O acto tivo lugar entre Alfoz e o Valadouro, de onde o premiado é oriundo. Manuel María Lourenzo Pérez naceu o 15 de marzo de 1943, e aínda que nos comezos da súa vida dedicouse ao ensino privado, dende 1980 fíxoo exclusivamente ao teatro, participando nas máis

diversas iniciativas. Grande impulsor da nosa escena e autor de diferentes obras, tiña máis que merecido este recoñecemento.

A Real Academia elixiu a Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985) como o autor a quen dedicar o próximo Ano das Letras Galegas. Nado en Tui, Álvarez Blázquez formou parte dunha longa saga de autores que se distinguiron polo seu amor á cultura galega, entre os que se atopan, na actualidade os seus propios fillos. Del haberémonos de ocupar con máis vagar nos próximos números de Encrucillada.

Edicións Cydonia, selo vigués de nova creación, vén de anunciar que destinará o 5 % do prezo de tódolos seus libros a favor das iniciativas solidarias que se desenvolven no mundo axudando ás persoas e aos colectivos máis desfavorecidos.

## Premios

A mítica illa de San Simón, ao fondo da ría viguesa, cantada por Meendiño e solar de templarios noutros tempos, acolleu a principios de xuño pasado os fallos dos premios Xerais de literatura, nunha noite máxica, mantida por Teresa Moure. A velada deu coma resultados a concesión do galardón de novela a *Cardume*, de Rexina Vega, o *Merlín* para *Minimalda*, de Carlos López Gómez, e o de literatura xuvenil

para An Alfaia con *Illa Soidade*. A viguesa Rexina Vega era xa crítica, ensaísta, tradutora e lexicógrafa. Carlos López, nado en Boimorto, é humorista. E An Alfada, tamén viguesa, autora xa dunha extensa obra, fora a fundadora do grupo de teatro Advento, e estudosa de criminología.

Polas mesmas datas foille concedido o *Premio Vicente Risco*, a Xosé Vázquez Pintor, pola súa novela *Lira*, na que nos ofrece unha visión acerca do amorlésbico dende un punto de vista libertario.

Xesús Manuel Marcos, vencedor hai dous anos do premio *Merli*”, fíxose agora co *Terra de Melide*, pola súa novela de intriga *A lúa dos Everglades*. O escritor courelán reconece a prioridade que agora lle está a conferir aos fíos narrativos históricos.

O *Grupo Correo Gallego* concedeuille en xullo pasado a Medalla de Ouro e a distinción *Galego do Ano* a Manuel Gómez-Franqueira Álvarez, conselleiro delegado de COREN. O premiado nacera en Castrelo do Miño en 1947, é enxeñeiro industrial, ten tres fillos, foi pioneiro nas explotacións cunícolas e na creación dos invernadoiros de flores. O xurado destacou nel os valores de innovación, tecnoloxía e gran calidade.

O historiador Dionisio Pereira e a asociación *Verbo Xido*, da Terra

de Montes, recibiron en Cerdedo o premio *Roberto Vidal Bolaño* que conceden as Redes Escarlata.

Nas mesmas datas, a monfortina Teresa Moure, tantas veces laureada xa, acadou o premio de teatro *Rafael Dieste* coa súa obra *Unha primavera para Aldara*. A trama da mesma sitúase nun cenobio no ano 1465 no marco das loitas irmandiñas na Galicia desa década.

O Premio de novela longa *Blanco Amor*, este ano organizado polo Concello de Cedeira, correspondeulle a Xesús Rábade Paredes, escritor xa veterano nos eidos da investigación, da poesía e da narrativa. O título da súa obra é o de *Mentres a herba medra*, que, aínda que ambientada nun medio urbano, trata sobre o abandono do medio rural que sufriu unha transformación crítica, acompañada por un cambio radical dos valores predominantes.

O italiano Aristide Storneli foi o vencedor do *Premio Internacional de Arte Gráfica Jesús Núñez*, concedido o 13 de xullo en Betanzos. A el concorreron 194 obras de case que todo o mundo. O traballo gañador, unha serigrafía a unha tinta, titulada *Scratch* foi considerado como de “*particular intensidade e especial execución e resolución técnica*”.

Nese mesmo mes, a herculina Patricia Casas resultou gañadora

do *Biblos-Pazos de Galicia*" para narradores de menos de 25 anos, pola obra que leva o título provisorio de *Vidas Entrelazadas*. Nela, a auténtica protagonista é a cidade da Coruña.

O Premio de Novela *García Barros*, patrocinado polo Concello da Estrada, foi gañado polo vigués Francisco Castro coa súa obra *As*

*palabras da néboa*, cronolóxicamente ambientada no século XVI. Nela estuda a liberdade baixo un enfoque máxico e lírico. Segundo o autor, no relato "*falan os animais, e mesmo os libros actúan coma personaxes, narrando as súas propais historias*". Castro xa se achegara ao tempo da conquista de América co seu *Memorial do Infortunio*.

**Xoán Bernárdez Vilar**

*Escritor e Licenciado en Xeografía e Historia.*

*xoaberna@mundo-r.com*